

*Híbridas en*

# **Santa Clara**

*Abril e maio de 2022*



**DOM 17** ABRIL | 13.30 h

● **Sons no Retablo**

**OS SONS ESQUECIDOS**

ABRAHAM CUPEIRO



# Híbridas en Santa Clara

Abril e maio de 2022

**Híbridas en Santa Clara é unha proposta de varios ciclos arredor da música e das artes escénicas.**

Estes ciclos mesturan intereses artísticos diferentes, fusionando disciplinas e dando lugar a unha programación que combina elementos creativos de diversas procedencias.

A mestura de conceptos, estilos, formatos e, sobre todo, **o contraste entre o espazo e os contidos** é o que caracteriza este proxecto que incorpora propostas galegas e do resto do estado.

En definitiva, **creacións diversas nun espazo tan singular como é a igrexa do Convento de Santa Clara**, no corazón de Pontevedra.

# Ciclos

## Mesturas

O eixo principal deste ciclo é a muller, tanto na súa faceta como compositora e intérprete. Detrás de nomes de grandes compositores hai nomes de grandes mulleres ocultas ao longo da historia. Este ciclo mostra o talento galego das nosas intérpretes actuais para non ser invisibles nunca máis.

- CAAMAÑO & AMEIXEIRAS
- SAMUDRA TRÍO
- CATRO CORES
- DÚO BOULANGER
- ROSALÍA GÓMEZ LASHERAS
- QUINTETO GLOBO
- APATACÓN. FAIA DÍAZ E VERO RILO

## Danza

Híbridas en Santa Clara tamén incorpora propostas de danza contemporánea que nos achegan a historias que falan de coidados, da nosa vulnerabilidade ou de como os espazos condicionan os nosos corpos.

- KIRENIA DANZA
- LASALA DANZA

## Desconecta

Medita, transpórtate a outros lugares, a outras atmosferas, a outros estados da mente ou.... onde te leve a música. Des\_conecta!

- BLEUENN LE FRIEC
- CROMOSONS
- SIMANT DÚO
- ALBERTO VILAS
- BENXAMÍN OTERO E GERMÁN DÍAZ
- NOÉ RODRIGO
- MARGARIDA MARIÑO

## Sons no Retablo

Os conventos foron os primeiros lugares de composición e interpretación de música dende tempos inmemoriais. Tamén centros de ensinanza. Por esta razón, o ciclo Sons no Retablo recorda o lugar que no seu momento foi escenario de coros, capelas de menestreis, agrupacións de música sacra e outros sons do pasado que recolle este ciclo.

- MISSA PRO NATURA. CAPELA MADRIGALISTA E QUINTETO RUBATO
- CAMERATA ARVEN
- ABRAHAM CUPEIRO
- DÚO PAGANINI
- HÉRCULES BRASS
- DELERIA
- PEDRO LAMAS & CORO DE VOCES RURAIS DAS MARIÑAS
- IVÁN FERNÁNDEZ
- ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO

## Pianos

Percorrido musical dende a composición clásica, o jazz, o flamenco ou a música electrónica a través de pianistas con estilos moi diferentes.

- GORETTI DOMÍNGUEZ E ALUMNADO
- CHANO DOMÍNGUEZ
- ISABEL PÉREZ DOBARRO
- MARÍA DOMÍNGUEZ & LAURA ITURRALDE

## Música Sen Palabras

Ciclo de cine mudo con música orixinal en directo, banda sonora do pianista e compositor vigués Brais González, que serán levadas á gran pantalla a través do proxecto Caspervek.

# Crónograma

	CICLO	ARTISTA	TÍTULO
8 ABRIL	● MESTURAS	CAAMAÑO & AMEIXEIRAS	AIRE!
9 ABRIL	● MESTURAS	SAMUDRA TRÍO	ODISEA
10 ABRIL	● SONS NO RETABLO	CAPELA MADRIGALISTA E QUINTETO RUBATO	MISSA PRO NATURA
12 ABRIL	● SONS NO RETABLO	CAMERATA ARVEN	
13 ABRIL	● MESTURAS	CATRO CORES	
16 ABRIL	● DANZA	KIRENIA DANZA	PRIMEIRO A VIDA!
17 ABRIL	● SONS NO RETABLO	ABRAHAM CUPEIRO	OS SONS ESQUECIDOS
19 ABRIL	● MÚSICA SEN PALABRAS	CASPERVEK - BRAIS GONZÁLEZ	NANUK, O ESQUIMÓ (Robert Flaherty, 1922)
20 ABRIL	● MÚSICA SEN PALABRAS	CASPERVEK - BRAIS GONZÁLEZ	O MAQUINISTA DA GENERAL (Buster Keaton, 1926)
21 ABRIL	● MÚSICA SEN PALABRAS	CASPERVEK - BRAIS GONZÁLEZ	AMENCER (F.W. Murnau, 1927)
22 ABRIL	● DESCONECTA	BLEUJENN LE FRIEC	ARPA CELTA
23 ABRIL	● SONS NO RETABLO	DÚO PAGANINI	GALICIA EN 8 CORDAS
24 ABRIL	● SONS NO RETABLO	HÉRCULES BRASS	EN CONCERTO
29 ABRIL	● SONS NO RETABLO	DELERIA	
30 ABRIL	● DESCONECTA	CROMOSONS	SEN ETIQUETAS
1 MAIO	● SONS NO RETABLO	PEDRO LAMAS & CORO DE VOCES RURAIS DAS MARIÑAS	MISA DE GAITA
1 MAIO	● DANZA	LASALA DANZA	ALIVE E FIGHT
5 MAIO	● PIANOS	GORETTI DOMÍNGUEZ E ALUMNADO	
6 MAIO	● PIANOS	CHANO DOMÍNGUEZ	
7 MAIO	● PIANOS	ISABEL PÉREZ DOBARRO	
8 MAIO	● MESTURAS	DÚO BOULANGER	
8 MAIO	● PIANOS	MARÍA DOMÍNGUEZ & LAURA ITURRALDE	KOUN(T)ERPOINT
12 MAIO	● MESTURAS	ROSALÍA GÓMEZ LASHERAS	SEN PALABRAS
13 MAIO	● SONS NO RETABLO	IVÁN FERNÁNDEZ	DA AMIZADE Á ADMIRACIÓN
14 MAIO	● DESCONECTA	SIMANT DÚO	
15 MAIO	● DESCONECTA	ALBERTO VILAS	NAIALMA
17 MAIO	● SONS NO RETABLO	ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO	ESTREA DO ÓRGANO DE SANTA CLARA
20 MAIO	● MESTURAS	QUINTETO GLOBO	DA CAMERA
21 MAIO	● DESCONECTA	BENXAMÍN OTERO E GERMÁN DÍAZ	13 CANCIÓNS BONITAS
22 MAIO	● DESCONECTA	NOÉ RODRIGO	SONS NATURA
27 MAIO	● DESCONECTA	MARGARIDA MARÍÑO	CELLO & ELECTRONICS MARGARIDA MARÍÑO
29 MAIO	● MESTURAS	APATACÓN. FAIA DÍAZ E VERO RILO	POR UNHA PESETA



**SÁB 9** ABRIL | 20h

● **Mesturas**

**ODISEA**

SAMUDRA TRÍO

# Programa

**VEN 8 ABRIL | 20 h**

● **Mesturas**

**AIRE!**

CAAMAÑO & AMEIXEIRAS

Caamaño&Ameixeiras é un dúo ligado á música e ao baile de raíz. Formado por Sabela Caamaño (acordeón cromático) e Antía Ameixeiras (violín e voz) en 2018. *Aire!* é o seu primeiro traballo discográfico, este traballo foi recoñecido recentemente co Premio Martín Códax da Música 2021 na categoría de Folk.

**SÁB 9 ABRIL | 20 h**

● **Mesturas**

**ODISEA**

SAMUDRA TRÍO

**Samudra Trío** nace coa finalidade de crear un estilo propio dentro da música de cámara. O seu interese polo repertorio descoñecido máis aló das correntes occidentais e a recuperación do patrimonio musical levounas a explorar fóra do repertorio orixinal e a incorporar obras de compositoras e compositores esquecidas así como a realizar adaptacións para trío. **Samudra Trío** nace do diálogo, da escoita e da curiosidade.

**DOM 10 ABRIL | 20 h**

● **Sons no Retablo**

**MISSA PRO NATURA**

CAPELA MADRIGALISTA E QUINTETO RUBATO

Este proxecto da **Capela Madrigalista** e o **Quinteto Rubato** é unha misa sacra con texto en latín e galego, que compuxo Julio Domínguez no que destaca unha mensaxe da relación do ser humano en diversos aspectos (negativos e positivos) coa natureza e a súa harmonía.

**MAR 12 ABRIL | 20 h**

● **Sons no Retablo**

**CAMERATA ARVEN**

Creada en 2015, **Camerata Arven** agrupa a músicos profesionais con experiencia no ámbito da interpretación e a docencia. É un conxunto dinámico en canto ao repertorio; o seu principal obxectivo é fomentar o interese pola extensa literatura da música de cámara a través dunha programación variada e orixinal, tendo en conta o conxunto de artes escénicas que forman o teatro, a danza e a literatura.

**MÉR 13 ABRIL | 20 h**

● **Mesturas**

**CATRO CORES**

**Catro Cores** é un cuarteto formado por trompas galegas que levan experimentado durante anos o que é tocar xuntas no seo dunha orquestra sinfónica. En 2014 decidiron extrapolar esa boa conexión sonora ao terreo da música de cámara co fin de achegar a música a todo tipo de público.

**SÁB 16 ABRIL | 20 h**

● **Danza**

**PRIMEIRO A VIDA!**

KIRENIA DANZA

**Kirenia Danza** é unha compañía de danza contemporánea partidaria da intervención en temas e cuestións que van máis alá dos clásicos da danza e afondan especialmente nos retos emerxentes da sociedade contemporánea. Esta peza é un eloxio aos coidados. Todas as persoas somos vulnerables e diversas e precisamos coidar e ser coidadas.

**DOM 17 ABRIL | 13.30 h**

● **Sons no Retablo**

**OS SONS ESQUECIDOS**

ABRAHAM CUPEIRO

Construtor e multiinstrumentista, o que caracteriza a **Abraham Cupeiro** é a recuperación de instrumentos perdidos no tempo e utilízalos para crear novas sonoridades e imbricalos en músicas alleas a eles.

**MAR 19 ABRIL | 20 h**

● **Música Sen Palabras**

**NANUK, O ESQUIMÓ (Robert Flaherty, 1922)**

CASPERVEK

Este ciclo de cine mudo con música en directo corre a cargo de **Caspervek**, proxecto liderado por Brais González que se converteu nunha das referencias europea dos cine-concertos, con máis de 200 actuacións en 14 países do continente. O catálogo de bandas sonoras de **Caspervek** inclúe máis de 30 longametraxes e varias dúcias de curtas. As bandas sonoras de **Caspervek** combinan elementos da música clásica, do jazz, da electrónica, do folk ou da música contemporánea. Todo cun obxectivo: achegar o cine mudo a todos os públicos!

**MÉR 20 ABRIL | 20 h**

● **Música Sen Palabras**

**O MAQUINISTA DA GENERAL (Buster Keaton, 1926)**

CASPERVEK

**XOV 21 ABRIL | 20 h**

● **Música Sen Palabras**

**AMENCER (F.W. Murnau, 1927)**

CASPERVEK

**VEN 22 ABRIL | 20 h**

● **Desconecta**

**ARPA CELTA**

BLEUENN LE FRIEC

Natural da Bretaña, aos seis anos **Bleuenn Le Fric** comeza a tocar a arpa celta. No ano 2003, licénciase en Musicoloxía e comeza o estudo da arpa clásica. En 2004 inicia a carreira de arpa en Musikene (Donostia) con Frédérique Cambreling.

**SÁB 23 ABRIL | 20 h**

● **Sons no Retablo**

**GALICIA EN 8 CORDAS**

DÚO PAGANINI

Nas oito cordas do violín e do violonchelo soarán a música de composicións galegas con diferentes miradas e estilos. Porque hai moitas galicias, tantas como os matices dos verdes bosques, o ruído da choiva ou os sons do mar. Neste concerto a música pasará pola sorprendente «Tocata» de Federico Mosquera, a nostalxia da gran descoñecida galega do século XIX Eugenia Osterberger, o romanticismo violento de Wladimir Rosinskij, a enerxía cegadora de Juan Durán para terminar coas «Danzas folclóricas galegas» de Octavio Vázquez como unha tormenta de perfumes desta terra.

**Florian Vlashi** - violín, **Ruslana Prokopenko** - violonchelo

**DOM 24 ABRIL | 20 h**

● **Sons no Retablo**

**EN CONCERTO**

HÉRCULES BRASS

Alejandro Vázquez e Víctor Vilariño (trompetas), Javier González (trompa), Esteban Méndez (trombón) e Rodrigo Rodríguez (tuba) crearon en 2012 o quinteto de vento metal **Hércules Brass**. Tocando antes xuntos en diversas plataformas, principalmente na Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia e na Nova Orquestra Nacional de España. **Hércules Brass** é na actualidade un grupo de referencia nas formacións de cámara profesionais do noso país.





**19, 20 e 21 ABRIL | 20 h**

● **Música Sen Palabras**

CASPERVEK

**SÁB 16** ABRIL | 20 h

● Danza

**PRIMEIRO A VIDA!**

KIRENIA DANZA



**VEN 29 ABRIL | 20 h**

● **Sons no Retablo**

**DELERIA**

Cuarteto de saxofóns formado polos músicos galegos: Adrián Pais, Pablo Vigo, Moisés Barreiro e Roi Barros. Unha formación de cámara cun amplo repertorio que achega ao público unha gran variedade de estilos coa característica tímbrica da familia dos saxofóns.

**SÁB 30 ABRIL | 20 h**

● **Desconecta**

**SEN ETIQUETAS**

**CROMOSONS**

**CromoSons** é unha formación de cámara nada habitual integrada por instrumentos característicos de diferentes estilos: fruta a cargo de Adrián Silva, máis propia do clásico; Fran Troncoso ao vibráfono, típico do jazz; e Dani Riveiro no set de percusións, vencellados ao folclore. Esta mestura permite interpretar desde obras barrocas, a clásicas, impresionistas ou inspiradas no folclore propio ou doutras partes do mundo.

**DOM 1 MAIO | 12.30 h**

● **Sons no Retablo**

**MISA DE GAITA**

**PEDRO LAMAS & CORO DE VOCES RURAIS DAS MARIÑAS**

A misa de gaita foi unha práctica secular moi común no rural galego. Trátase dunha *Missa Solemnis* cantada en latín e onde a gaita fai as funcións do órgano e o canto é interpretado pola parroquia.

**DOM 1 MAIO | 20 h**

● **Danza**

**ALIVE E FIGHT**

**LASALA DANZA**

**LASALA**, compañía de danza contemporánea dirixida por Judith Argomaniz céntrase na continua indagación por xerar unha linguaxe física e unha estética actual, querendo atender e reflectir as inquietudes do equipo. Desde a súa creación en 2012, foi convidada a múltiples festivais nacionais e internacionais.

**XOV 5 MAIO | 20 h**

● **Pianos**

**GORETTI DOMÍNGUEZ E ALUMNADO DE PIANO**

Grupo de estudantes do Conservatorio Mayeús de Pontevedra que representarán un repertorio significativo de música clásica para piano, dende o Barroco ao século vinte.

**VEN 6 MAIO | 20 h**

● **Pianos**

**CHANO DOMÍNGUEZ**

Pianista de renome internacional con máis de 40 anos de carreira, cunha forte influencia do flamenco que foi integrando co jazz, colaborando con artistas como Paco de Lucía, Enrique Morente, Chucho Valdés, Martirio etc.

**SÁB 7 MAIO | 20 h**

● **Pianos**

**ISABEL PÉREZ DOBARRO**

Unha das pianistas españolas con máis proxección internacional da súa xeración. Especialmente comprometida coa visibilización da música de grandes compositoras. Propón un repertorio que inclúe desde clásicas internacionais á música tradicional do noso país.

**DOM 8 MAIO | 12.30 h**

● **Mesturas**  
**DÚO BOULANGER**

Este dúo formado por Raquel Areal (violín) e Karla Martínez (piano) aposta decididamente pola inclusión de obras de compositoras e a promoción e divulgación da creación das composicións nos seus concertos, por iso atopamos nos seus programas unha maridaxe perfecta que combina obras de compositores e compositoras galegos e cubanos coas máis recoñecidas sonatas de cámara compostas para violín e piano.

**DOM 8 MAIO | 20 h**

● **Pianos**  
**KOUN(T)ERPOINT**

MARIA DOMÍNGUEZ E LAURA ITURRALDE

Espectáculo para piano, electrónica e instalación luminica onde os sons acústicos tradicionais do piano mestúranse de xeito orgánico coas sonoridades experimentais e vangardistas da música electrónica. Xunto á intervención da iluminadora e creadora Laura Iturralde, **KOUN(T)ERPOINT** consegue, a través dunha coidada dramaturxia visual e sonora, facernos gozar dunha experiencia poética, intimista e inmersiva.

**XOV 12 MAIO | 20 h**

● **Mesturas**  
**SEN PALABRAS**

ROSALÍA GÓMEZ LASHERAS

A compostelá **Rosalía Gómez Lasheras** é unha novísima intérprete de piano amplamente eloxiada, tanto pola crítica como por importantes personalidades do mundo da música, pola súa sobresaínte madurez artística. Na actualidade, está a desenvolver unha intensa carreira concertística ao longo de escenarios de España, Holanda, Austria, Francia, Portugal, Bélxica, Suíza, Alemaña, Rusia, Exipto ou Estados Unidos, logo de ampliar os seus estudos en Holanda e Suíza.

**VEN 13 MAIO | 20 h**

● **Sons no Retablo**  
**DA AMIZADE Á ADMIRACIÓN**

IVÁN FERNÁNDEZ

Recoñecido pianista vigués cunha ampla traxectoria tanto como instrumentista como docente, preséntanos un concerto baixo o título *Da amizade á admiración*, con obras de Beethoven, Schumann e Brahms.

**SÁB 14 MAIO | 20 h**

● **Desconecta**  
**SIMANT DUO**

Nesta ocasión, o trompetista Rubén Simeó e o pianista Antonio Morant preséntannos o seu proxecto **SIMANT DÚO**. Unha agrupación que trenza os límites entre os diferentes xéneros musicais, desde a música clásica ata o pop ou música cinematográfica, e porta o dúo trompeta-piano a un nivel inimaxinable coa súa innegable paixón e increíble talento.

**DOM 15 MAIO | 12.30 h**

● **Desconecta**  
**NAIALMA**

ALBERTO VILAS

Naialma naceu en 2020, o ano en que o mundo cambiou. É un traballo de piano só que parte da mente creativa de **Alberto Vilas**, un músico que durante o peor do confinamento decidiu compartir a diario a creación de nova música a través das redes sociais.



**DOM 8 MAIO | 12.30 h**

● **Mesturas**

**DÚO BOULANGER**

(Na foto: Raquel Areal)

**VEN 27 MAIO | 20h**

● **Desconecta**

**CELLO & ELECTRONICS**

MARGARIDA MARIÑO



**MAR 17** MAIO | 20 h

● **Sons no Retablo**

**ESTREA DO ÓRGANO DE SANTA CLARA**

ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO

A **Orquesta Clásica de Vigo** ofrecerá un concerto que terá como protagonista o órgano ibérico do Convento de Santa Clara cun programa que porá de manifesto a diversidade e capacidades deste instrumento histórico que se abre por primeira vez á cidade de Pontevedra.

**Dirixe:** Manuel Martínez Álvarez-Nava

**Organista:** Daniel Sanmartín Nieto

**VEN 20** MAIO | 20 h

● **Mesturas**

**DA CAMERA**

GLOBO QUINTETO

O **Quinteto Globo** foi creado na Escola Superior de Música Raíña Sofía de Madrid en 2016 onde recibiron o premio ao grupo máis sobresainde de mans da propia raíña. Realizaron concertos nas salas máis importantes de España como o Auditorio Nacional, Auditorio Sony ou CaixaForum de Barcelona. Actualmente está formado por Gala Kossakowski (fauta), Inmaculada Veses (óboe), Natacha Correa (clarinete), Andrea Pérez (fagot) e Jessica Rueda (trompa).

**SÁB 21** MAIO | 20 h

● **Desconecta**

**13 CANCIÓNS BONITAS**

BENXAMÍN OTERO E GERMÁN DÍAZ

**Benxamín Otero** e **Germán Díaz** propoñen unha selección de cancións co sinxelo fío argumental de ser, aos seus oídos, bonitas... Compositores como Schubert, Satie, Galliano ou Clastrier, cancioneiros como o de Inzenga ou de Federico Olmeda, e melodías propias compoñen o corpus ecléctico e accidental que conforma este persoal concerto.

**DOM 22** MAIO | 12.30 h

● **Desconecta**

**SONS NATURA**

NOÉ RODRIGO

**Noé Rodrigo** é un percusionista especializado en música contemporánea que, en paralelo á súa carreira como solista, desenvolve un importante labor como docente e colabora con diferentes ensembles e orquestras en todo o mundo. Co seu espectáculo *Sons Natura* preséntanos unha ampla gama tímbrica cos materiais da natureza, dende a madeira ata o alabastro e sempre co imparabile pulso dos tambores que nos levan as manifestacións máis primitivas do ser humano.

**VEN 27** MAIO | 20 h

● **Desconecta**

**CELLO & ELECTRONICS**

MARGARIDA MARIÑO

Violonchelo e voz mesturados con efectos e loops dan pé a unha proposta única en Galicia, novos camiños para as nosas músicas.

**DOM 29** MAIO | 12.30 h

● **Mesturas**

**POR UNHA PESETA**

APATACÓN. FAIA DÍAZ E VERO RILO

*Por unha peseta* é un traballo onde voz narrada e cantada se achegan para atopar canto vale unha peseta. Historias de vida recollidas no noso entorno e no universal xúntanse nunha peza que nos chega a partes iguais ao humor, á sensibilidade e á tenrura propias da nosa xente.

# Híbridas en Santa Clara

Abril e maio de 2022



Asistencia **de balde ata completar a cabida**  
Recoméndase **chegar con antelación**

**Convento de Santa Clara**  
Rúa de Santa Clara 16  
36002 Pontevedra